

O PORQUÉ DESTE LIBRO

Francisco Pillado Maior

“Detrás de toda gran fortuna hai un crime.”
(W. Shakespeare)

“Se roubar un banco é un delito máis delito é crealo.”
(Bertolt Brecht)

“Falar de crise da sociedade significa culpabilizar as súas vítimas.”
(Jacques Rancière)

“A resistencia á sociedade é a resistencia á súa linguaxe.”
(Teodor Adorno)

*“No decurso da súa historia, a humanidade estivo a plantar fermosas
flores de amor e de fe para que agora as coman os porcos.”*
(Isaac Díaz Pardo)

CRISE, ESPOLIO OU ATRACO

Dun tempo a esta parte, a palabra “crise” é, sen dúbida, o eufemismo utilizado con maior frecuencia para explicar unha realidade cada vez máis triste, ruín e inxusta: aumenta o número de persoas en paro, recórtanse os investimentos en sectores básicos como a sanidade ou o ensino, a mendicidade nas rúas é cada vez máis notoria, o número de persoas que acoden a institucións como “A cociña Económica” vai en aumento, como vai en aumento tamén o número de indixentes que dormen nas rúas e mesmo o das persoas obrigadas a desaloxaren os seus fogares por non poderen facer fronte ás débedas adquiridas. Péchanse pequenos comercios e o aspecto desolador dos edificios inacabados forma parte da nosa paisaxe cotiá... Mais o peor –segundo as mensaxes que se emiten desde diferentes sectores económicos ou políticos– aínda está por chegar. O que resulta moi preocupante, pois, como afirmaba William Shakespeare, “un ceo tan cargado non se despexa sen tormenta.”

Porén –e para sermos exactos no uso da linguaxe– ten sentido falar de “crise”?

O dicionario da Real Academia Galega, define a palabra “crise” como un “momento grave, situación difícil que atravesamos momentaneamente alguén ou algo que está en evolución como unha empresa, un país, unha situación, etc.” (Os subliñados son nosos)

No entanto, como é doado comprobar, as actuais circunstancias que estamos a padecer non se axustan en absoluto a esta definición.

En primeiro lugar, non se trata de algo “momentáneo” porque no futuro xa nada será igual. E, por outra banda, parece-me inapropiado falar, no caso que nos ocupa, de “evolución”, cando xustamente o que estamos a padecer é unha clara “involución”... Nas actuais circunstancias, os ricos serán cada vez máis ricos e os pobres cada vez máis pobres.

Por tanto, considero un macabro e desafortunado eufemismo falar de “crise” cando en realidade estamos a ser vítimas dun calculado e programado saqueo da mafia financeira internacional para acabar de vez coas conquistas acadadas pola clase traballadora no decurso dos séculos: seguridade social, ensino e sanidade públicos, dereito a un traballo digno, vacacións remuneradas etc.

Non é casual que na actualidade a figura a demonizar sexa precisamente a dos funcionarios e funcionarias, pois non se pode admitir que no futuro existan persoas que teñan un emprego de por vida e que, ademais, militen nalgún sindicato de clase ou secunden as folgas, algo impensábel para quen “goza” dun traballo temporal e renovábel en función da súa “docilidade” co sistema.

A chamada Declaración Universal dos Dereitos Humanos, asinada en decembro de 1948, semella hoxe unha triste, unha cruel ironía, que secularmente veñen padecendo os habitantes do denominado Terceiro Mundo.

A devandita Declaración establece no artigo 22 que “Toda persoa ten dereito á seguridade social e a obter a satisfacción dos dereitos económicos, sociais e culturais indispensábeis para a súa dignidade.”

E no artigo 25 afirma de xeito nada ambiguo que “Toda persoa ten dereito a un nivel de vida adecuado que lle asegure a

saúde e o benestar, en especial a alimentación, o vestido, a vivenda, a asistencia médica e os servizos sociais necesarios.”

Na actualidade, o acoso e derribo destes dereitos a escala global, evidencian que os especuladores, os banqueiros e os seus secuaces (determinados medios de manipulación de masas, por exemplo) decidiron que agora –logo do fracaso do modelo comunista– poden actuar “a cara descuberta”, conscientes de que gozan da máis absoluta impunidad.

Mais deixémonos de andrómenas e resumamos nunha simple frase as pretensións finais desta crise:

“No se trata de suprimir las desigualdade entre los hombres, sino de ampliarlas y hacer de ellas una ley.”

Estas palabras, pronunciadas por Adolf Hitler, evidencian que, tristemente, o seu ideario económico está a materializarse no chamado Paraíso Capitalista.

Talvez –e consonte a ideoloxía nazi– as próximas medidas que se adopten para resolver os problemas orixinados pola “crise” serán –como recomendaba o Führer– “bajar los sueldos a los trabajadores y prohibir las huelgas.”

De momento, xa se recortaron os salarios dos sectores máis desfavorecidos da sociedade... Agora, só teremos que agardar para saber canto tardarán en prohibir o dereito á folga.

Por tanto, non sería disparatado pensar que os fillos ideolóxicos de Franco –os dirixentes do PP– estean a barallar xa esa posibilidade.

Os entes anónimos –chamados Mercados– son os que ditan o novo modelo de convivencia social. Mais o cinismo e o des-caro destes mafiosos non coñece límites.

A este respecto, citarei dous simples exemplos ben ilustrativos:

—No ano 2008, segundo informaron diversos medios, o presidente dos EEUU, George W. Bush, reuníase en “*Washington cos propietarios dos máis importantes bancos do mundo que acudiron en demanda dunha axuda estatal para superar a crise financeira*”...

Por suposto, todos eles se desprazaron até a capital do Imperio en avións privados!

Logo desta nauseabunda exhibición de obscenidade, lembreime de Rafael Barrett, un escritor español absolutamente ignorado, militante anarquista e amigo de Valle-Inclán que en 1910, cando se fixo pública a noticia da morte de Rockefeller, deixounos esta sabía reflexión: “Y en verdad os digo que si es grande el país en el que un hombre consigue, sin violar la ley, juntar cinco mil millones de dólares, es más grande todavía el país que no se los perdona, y que, anticipándose a la muerte, le obliga a devolverlos.”

No momento en que estou a escribir estas liñas, algúns xornais informan das millonarias remuneracións que recibiron determinados executivos das antigas Caixas de Aforros de Galicia, uns individuos (“homes sen importancia colectiva”, que diría Louis Ferdinand Céline) tan necios que nin sequera saben que, algún día, a Morte tamén se lembrará deles.

—O 25 de xaneiro do ano 2009, o xornal *Galicia Hoxe* sorprendeunos cunha información encabezada por este titular: “Fondos. Estaban destinados a conceder préstamos, pero algunhas fontes din que hai empresas que usaron as axudas para “reformar os aseos”. EEUU non sabe que pasou cos 350.000 millóns para os bancos.”

Despois de tan disparatado como grotesco encabezamento, a información continúa:

... O caso máis flagrante ata agora foi o do banco de investimento Merrill Lynch, que en decembro outorgou ós seus executivos entre 3.000 e 4.000 millóns de dólares en bonificacións por bo desempeño, segundo revelou o diario The Financial Times. O conselleiro directivo de Merrill outorgou as bonificacións días antes de informar de perdas por valor de 21.500 millóns de dólares no cuarto trimestre e mentres Bank of América, que accedeu a comprar o banco en outubro, chama á porta do goberno para pedir máis axudas para levar a cabo a operación. (...) Ao final, quen pagou por todo foi o contribuínte estadounidense, que dará préstamos por un valor total de 45.000 millóns de dólares a Bank of America.

Este foi talvez o preludio do proceso de “socialización” das perdas derivadas da especulación bancaria, imposto polos gobernos de distintos países da Unión Europea.

Despois deste planificado atraco ás arcas do Estado, hai algún banqueiro, executivo ou representante político procesado por colaborar con elementos mafiosos?

Os medios de comunicación non informan de nada que faga albergar unha mínima posibilidade de que iso vaia suceder. O que significa que o sistema está corrupto e que existe unha caste de verdadeiros intocábeis.

Que sucedería se unha mínima parte desas cantidades de dólares, en concepto de axudas a fondo perdido, fosen dilapidadas por organizacións sindicais, por exemplo?... Pois que todos os medios de manipulación, incluída unha nutrida nómina de asalariados, estarían a reclamar unha eficaz e rápida intervención da xustiza.

Aínda que, en principio, ignoramos o nome das persoas que se agachan tras dese escudo protector, chamado “Mercados” é indubidábel que os seus integrantes gozan dun desorbitado poder que supera todos os límites e fronteiras. No caso de Grecia, por exemplo, cando o pasado ano 2011, o presidente electo Yorgos Papandreu anunciou a convocatoria dun referendo para que a cidadanía se manifestase sobre o refinanciamento da crise do seu país, os “Mercados”, segundo repetiron unánimemente os medios de información, “decidiron que esa medida non podía ser adoptada”. E como consecuencia dese “veredicto inapelábel”, o presidente do país viuse obrigado a dimitir.

Como ilustraba unha xenial viñeta de El Roto, evidenciouse que, cando interesa, “La democracia es el principal enemigo de la democracia”.

Quero deixar aínda constancia de catro notas que reflicten de xeito moi elocuente, o momento que estamos a vivir. Na cuarta delas, albíscase un posíbel remedio para superar esta situación.

- 1ª) “Rajoy aprueba avales de 100.000 millones para la banca en el decreto de ajuste.” (*El País*, 1.1.2012)
- 2ª) “Barcelona multa más de cien veces a un indigente por dormir en la calle. El Ayuntamiento ha enviado sanciones al comedor al que acude este sin techo”. (*Páxina web da Cadena SER*, correspondente ao día 2 de xaneiro de 2012)
- 3ª) “Durante el año 2012 el Estado entregará, mensualmente a la Iglesia Católica 13.266.216,12 euros a cuenta de la can-

tividad que debe asignar a la Iglesia” (BOE, nº. 315, correspondente ao sábado, 31 de decembro de 2011).

Supoño que con estes cartos se pagará a nómina de personaxes como Javier Martínez, protagonista da información publicada na edición dixital de *El Correo de Andalucía*, o 10-1-2012:

El arzobispo de Granada, Javier Martínez, pronunció el pasado domingo una homilía en la catedral en la que comparó la reforma de la Ley del Aborto con el régimen de Hitler, alegando que los crímenes nazis no eran tan “repugnantes” como los que permite cometer dicha ley. Acto seguido, Martínez dio a entender que la mujer que aborta “mata a un niño indefenso” y, por tanto, “da a los varones la licencia absoluta, sin límites de abusar” de su cuerpo.

Podería considerarse apoloxía da violación unha infamia desta magnitude?

Non resulta disparatado que se lle concedan mensualmente máis de trece millóns de euros á Igrexa católica e se fagan, polo contrario, drásticos recortes en “I+D” (investigación e desenvolvemento)?

Quizais, para xustificar este dispendio, un individuo de nome Joseph Ratzinger, máis coñecido polo alcume de Benedictus XVI, declarou recentemente que “ía interceder ante Deus para solucionar os problemas da crise.”

Isto significa que Deus, ocupado noutras tarefas menos materialistas, ignora ou precúpalle pouco a sorte dos máis desfavorecidos.

Outroza, os “Mercaderes” eran expulsados do Templo. Agora, polo contrario, son os principais aliados da política vaticanista!

“Herexe –afirmaba Shakespeare– non é o que arde na fogueira, senón o que a prende.”

4^a) No libro *Islandia, revolución bajo el volcán*, o seu autor Xavier Moret escribe: “Islandia conseguiu acabar con un goberno corrupto y parásito. Encerró a los responsables de la crisis financiera en la cárcel”.

Este podería ser, talvez, o remedio ao que me referín anteriormente.

Mais, en fin, despois deste noxento alarde de impudicia, protagonizado pola mafia financeira internacional, quedáanos o recurso de acudir á fragancia purificadora e clarividente da boa literatura.

Abramos, por exemplo, *Luces de Bohemia*, de don Ramón María del Valle-Inclán, mergullémonos na súa lectura e descubriremos páxinas como estas da Escena Sexta da que só reproducirei algúns fragmentos ben significativos e que hoxe non poderían ser publicados por constituír unha clara apoloxía do terrorismo.

Cómpre non esquecer que Valle-Inclán publica esta obra no ano 1920, coincidindo coa chamada época do pistoleirismo en Catalunya.

ESCENA SEXTA

El calabozo. Sótano mal alumbrado por una candileja. En la sombra se mueve el bulto de un hombre.- Blusa, tapabocas y alpargatas.- Pasea hablando solo. Repentinamente se abre la puerta: Max Estrella, empujado y trompicando, rueda al fondo del calabozo. Se cierra de golpe la puerta.

MAX.- ¡Canallas! ¡Asalariados! ¡Cobardes!

VOZ, fuera.- ¡Aún vas a llevar mancuerna!

MAX.- ¡Esbirros!

Sale de la tiniebla el bulto del hombre morador del calabozo. Bajo la luz se le ve esposado.

EL PRESO.- ¡Buenas noches!

MAX.- ¿No estoy solo?

EL PRESO.- Así parece.

(...)

MAX.- ¿Eres anarquista?

EL PRESO.- Soy lo que me han hecho las Leyes.

MAX.- Perteneceemos a la misma iglesia.

(...)

EL PRESO.- Parece usted un hombre de luces. Su hablar es como de otros tiempos.

MAX.- Yo soy un poeta ciego.

EL PRESO.- ¡No es pequeña desgracia!... En España el trabajo y la inteligencia siempre se han visto menospreciados. Aquí todo lo manda el dinero.

MAX.- Hay que establecer la guillotina eléctrica en la Puerta del Sol.

EL PRESO.- No basta. El ideal revolucionario tiene que ser la destrucción de la riqueza, como en Rusia. No es suficiente la degollación de todos los ricos: siempre aparecerá un heredero, y aún cuando se suprima la herencia, no podrá evitarse que los despojados conspiren para recobrarla. Hay que hacer imposible el orden anterior y eso sólo se consigue destruyendo la riqueza.

(...)

MAX.- ¿De qué te acusan?

EL PRESO.- El cuento es largo. Soy tachado de rebelde... No quise dejar el telar para ir a la guerra, y levanté un motín en la fábrica. Me denunció el patrón, cumplí la condena, recorrí el mundo buscando trabajo, y ahora voy por tránsitos, reclamado de no sé qué jueces. Conozco la suerte que me espera: cuatro tiros por intento de fuga. Bueno. Si no es más que eso...

(...)

Se abre la puerta del calabozo, y el llavero, con jactancia de rufio, ordena al preso maniatado que le acompañe.

EL LLAVERO.- ¡Tú, catalán, disponte!

EL PRESO.- Estoy dispuesto.

EL LLAVERO.- Pues andando. Gachó, vás a salir en viaje de recreo.

(El esposado, con resignada entereza, se acerca al ciego, y le toca el hombro con la barba: se despide hablando a media voz.)

EL PRESO.- Llegó la mía... Creo que no volveremos a vernos...

MAX.- ¡Es horrible!

EL PRESO.- Van a matarme... ¿Qué dirá mañana esa prensa canalla?

MAX.- Lo que le manden.

(...)

Reproducín estes fragmentos de *Luces de Bohemia* por dúas razóns fundamentais. A primeira para evidenciar, como xa comentei, os recortes da liberdade de expresión que estamos a padecer no paraíso capitalista. En segundo lugar, porque as considero moi representativas do papel que secularmente desempeñou o teatro –xunto cos púlpitos– como principal medio de “comunicación de masas”, por mor basicamente do elevado índice de analfabetismo.

No Estado español, por exemplo, en 1931, cando se proclama a 2ª República, o analfabetismo masculino era dun 43 % aproximadamente. No caso das mulleres superaba o 48 %.

O papel dos púlpitos, como medio de comunicación, sobre todo no mundo rural, era evidente, mais ese discurso tiña sempre un carácter unidireccional e axustado aos intereses da igrexa católica que coincidían –como na actualidade– cos intereses da clase dominante.

No teatro, malia estar controlado por unha férrea censura, a situación era moi diferente e, dentro do posibilismo de cada situación concreta, sabemos de estreas e representacións que acabaron con enfrontamentos físicos entre o público que asistía atraído por intereses claramente antagónicos, nuns casos para apoiar e noutros para censurar as teses defendidas polo autor da obra.

En 1801 o Reglamento del Teatro, establecía que non podían representarse pezas “que no fueran en idioma castellano y actuadas por actores y actrices nacionales.”

Porén, cando poucos anos despois se produce a invasión napoleónica da península Ibérica, as clases ou sectores máis reaccionarios da sociedade, quere dicir, os mesmos que defendían este tipo de normativas, non dubidan en propiciar un teatro de “circunstancias” para alertar sobre os riscos que supuña a presenza do exército francés.

E, como naquel momento –carentes doutros medios de información– era necesario “utilizar” o Teatro para chegar aos lugares máis diversos da Galiza rural, as clases comprometidas coa defensa dos intereses do Imperio, non dubidaron en conculcar o regulamento antes citado e fomentar os “espectáculos teatrais” no idioma do País xa que neste caso concreto, era fundamental que as persoas que asistían ás representacións captasen o “discurso” alarmista que se pretendía transmitir.

Derrotado o exército francés, El Reglamento del Teatro entrou de novo en vigor.

A estrea na Coruña, en 1901, de *Electra* de Benito Pérez Galdós, unha obra en que se defende o ensino laico, tivo unha enorme repercusión mediática e social. Moitas persoas de Galiza –que defendían as teses de Galdós– desprazáronse á cidade herculina e ao finalizar a representación cantaron a *Internacional* e o *Himno de Riego*.

Ao finalizar o espectáculo, unha serie de persoas que defendían o ensino relixioso, foron increpar os asistentes e houbo algo máis que un simple intercambio de palabras ou descualificacións entre ambos os sectores.

Temos tamén constancia de que tanto os Rexionalistas como posteriormente as Irmandades da Fala utilizaron o teatro como medio para espallar o seu ideario, algo que se evidencia coa simple lectura dos textos.

E nos anos da 2ª República, as chamadas Misións Pedagóxicas concederon, como é sabido, unha enorme importancia ao teatro como medio de difusión cultural e ideolóxico.

Mais a medida que diminúe o analfabetismo e aparecen novos “medios de comunicación de masas”, o teatro vai perdendo ese papel hexemónico que o caracterizou durante séculos e a censura focalízase nos xornais, nos libros ou no cinema, por exemplo.

A este respecto, resulta moi esclarecedora a pastoral dun bispo de nome Olaechea, escrita en 1939, en que, entre outras cousas, podemos ler disparates como os seguintes: “Los cines son los grandes destructores de la dignidad moral de los pueblos. Sería un gran bien para la humanidad el que se incendiaran todos los de la Tierra cada semana. Feliz el pueblo a cuya entrada se muestre este cartel: aquí no hay cine.”

Cumpriría falar tamén do relevante papel que certos grupos de teatro desenvolveron nos anos da ditadura franquista, mais estas liñas só pretenden servir de prólogo ás obras que conforman este volume que titulei *Banqueiros...*

Creo que en Galiza temos grandes autores e autoras de teatro que poden ofrecer unha visión crítica do momento que padecemos.

O Teatro e a xente que o fai posíbel non poden ficar indiferente diante da “crise”, espolio ou atraco que estamos a vivir.

Cédolles pois a palabra...

Que se faga o escuro e que a verba máxica da linguaxe teatral nos ilumine e esperte as consciencias, afectadas polo virus da vulgaridade ou da berlusconización.

Teño a certeza de que as obras recollidas neste volume perdurarán bastante máis no tempo que esas indemnizacións

FRANCISCO PILLADO MAIOR

millonarias que recibiron certos banqueiros que, como diría don Antonio Machado, “van apestando la tierra”.

Gocemos, pois, do espectáculo que agora comeza.

Febreiro de 2012